




# PRESENTACIÓN DO LIBRO *A PINTORA LIBERTARIA* DE PEPE CARBALLUDE

Teatro AS TORRES de SANTA CRUZ  
martes, 4 de maio, ás 20 horas



Fotografía de Hugo L. Arias

Intervirán:

O autor: **Pepe Carballude**

O director da editorial Galaxia: **Francisco Castro**

A profesora de lingua e literatura galegas e crítica literaria: **Inma Otero**

Contarase coa interpretación musical de **Andrea Carballude**

***A pintora libertaria*** é unha obra publicada pola editorial Galaxia, na colección Costa Oeste.

Fai un percorrido que discorre en paralelo entre o mundo da política municipal, a construcción, a falsificación de obras de arte e a educación mentres se fai un repaso dos grandes nomes da nosa pintura arredor da figura da más libre e grande artista galega, Maruja Mallo.

Unha lectura dinámica onde os personaxes cobran vida en Vila do Pazo, que podería ser calquera vila galega, e na que se recorda a vida cultural de Galicia, histórica e da emigración, e do seu fondo máis escuro e controvertido.

Un discurso entre a verdade e a mentira, entre a ética e a estética, entre o teatro da vida e as bambolinas da conciencia.

En atención ás indicacións e medidas de seguridade fronte ao COVID-19, a presentación terá **aforo limitado** e será obligatorio manter a distancia de seguridade e asistir con máscara, así como atender as indicacións e normas da organización.

Desde as bibliotecas municipais invítase ás persoas que desexen asistir ata completar o aforo permitido.